



Datas	Horario	Actividades
	09:00 a 09:30 h.	Entrega de documentación
	09:30 a 10:00 h.	Inauguración das xornadas
		Mesas de Estudo e Discusión
		Mesa 1: Xeodiversidade
	10:00 a 11:00 h.	Xoan Ramón Vidal Romani Director do Instituto Xeolóxico Universitario Isidro Parga Pondal. Aurora Grandal d'Anglade Instituto Xeolóxico Universitario Isidro Parga Pondal.
		Mesa 2: Biodiversidade do Courel
12 maio (mañá)	11:00 a 12:00 h.	Pablo Ramil Rego Director do Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural. GI-1934-TTB. Manuel Antonio Rodríguez Guitián Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural. GI-1934-TTB.
		Descanso
		Mesa 3: Patrimonio, Cultura, Paisaxe, Etnografía
	12:30 a 13:30 h.	Felipe Arias Vilas Director Xeral de Patrimonio Cultural. Consellería de Cultura e Deporte. José Ángel Carreira Montes Arquitecto. Rafael Crecente Maseda Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural. GI-1934-TTB.
		Grupos de Traballo
	16:00 a 17:00 h.	Problemática xeral do Courel
	17:00 a 18:00 h.	Alternativas e posibilidade de solucións
		Descanso
		Mesa Redonda
	18:30 a 19:30 h	Posicionamento da Administración sobre a problemática do Courel e posibilidades de desenvolvemento na zona.
13 maio	Todo o día	Roteiro polo Courel

NOTA: Pretendemos que, tanto nos grupos de traballo coma na mesa redonda, participen representantes das diferentes consellerías con competencias no desenvolvemento ambiental, social e económico da zona, así coma os voceiros dos concellos do Courel e dos grupos sindicais.


Xornadas en Defensa do Courel




Organiza ADEGA
en colaboración con:



Universidade de Santiago (Campus de Lugo)



Universidade da Coruña



Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

Xornadas en Defensa do Courel

Por un Courel Vivo

Datas

12 e 13 de maio do 2007

Lugar

Sala de Xuntas. Escola Politécnica Superior. Lugo

Xornadas en Defensa do Courel

No Courel está agachada a historia mais antiga de Galiza. Desde os tempos en que home nen existía sobre a terra hasta actualidade. Na lousa que tanto cobizan as industrias extractivas agacha testemuñas da vida do paleozoico en Galiza (trilobites e graptolites) cuios restos foran depositados no fondo dos profundos mares paleozoicos en medios sen oxixenio (de ahí a cor escura da lousa).



Nas calizas está preservada a fauna dende o precámbrico ata o cuaternario. Tamén nas covas calcáreas se conservan os restos dos galegos viviron en Galiza na prehistoria. Todo isto pode ser destruído pola cobiza dos que so pensan en tirarlle proveito a expoliación dos recursos da xea. Coa súa degradación destrúese tamén a vida actual, destrúese a nosa memoria, a calidade de vida dos que viven nesta serra, e o seu futuro.

No Courel confluen os valores ambientais de máximo interés e de maior fraxilidade. É unha das Bisbarra de maior biodiversidade da Galiza.



No Courel atopan acubillo numerosas especies ao abrigo dos seus vales, no cimo dos seus montes, nas beiras dos seus rios, noutrora limpos ou sobre os diferentes sustratos xeolóxicos e edáficos que forman o macizo.

A Etnografía e a Historia do Courel é igualmente rica. Unha terra ocupada desde a mais profunda antigüidade. No Courel nacen as augas que, vindo da evaporación do mar, deitan as nuves para que nesta terra se purifiquen e leven as súas músicas até o noso rico litoral.

O Courel, Terra Matria, representa o lombo en que Galiza se deita para mollar seus pes no Atlántico e xerar toda a riqueza das Rias.

Quen non respeta a mai e o pai non se respeta a si mesmo. As nosas serras interiores son o cerne da nosa Terra. Defendéndoas mereceremos o respecto que como povo debéramos merecer.